

A GALICIA MÁXICA DE DON ANTONIO FRAGUAS

THE MAGICAL GALICIA OF MR. ANTONIO FRAGUAS

Antonio Reigosa Carreiras
Museo provincial de Lugo

Resumo: Recreamos en síntese algunha das moitas e importantes achegas de don Antonio Fraguas ao coñecemento e interpretación da mitoloxía popular galega a través dunha extensa e valiosa obra. Un quefacer de etnógrafo que anota e describe, que ordena con criterio, que dá preferencia á divulgación máis que á análise, todo canto considera de interese para a salvagarda e o coñecemento global da nosa cultura popular. Para este propósito, centrámonos só naquelas publicacións en que a materia de estudo principal xira arredor da mitoloxía popular, entendendo como tal toda a información relacionada co rico repertorio de mitos, ritos e figuras sobrenaturais da nosa cultura popular tradicional.

Abstract: In this essay, we create a synthesis of some of the Mr. Antonio Fraguas' many important contributions to the knowledge and interpretation of Galician popular mythology, through an extensive and valuable work. An ethnographer's work who writes down and describes in detail, who arranges with good judgement, who prefers divulgation rather than analysis, everything which he considers interesting for the protection and global knowledge of our popular culture. In order to fulfil our purpose, we focus only on those publications in which the main subject of study is popular mythology, especially what it has to do with the information related to the rich catalogue of myths, rites and supernatural creatures of our traditional popular culture.

Palabras chave: Antonio Fraguas, mitoloxía popular, morte, augas, demo, lume, animais.

Key words: Antonio Fraguas, popular mythology, death, waters, demon, fire, animals.

a miña fusión coa terra e outras circunstancias permitíronme dende neno ir descubrindo os mundos do trasmundo...

Antonio Fraguas Fraguas

Antonio Fraguas Fraguas (Cotobade, 1905 - Santiago de Compostela, 1999) foi o sabio que soubo achegar o saber da aldea na que veu ao mundo, no lugar de Insuela da parroquia de Loureiro, en Cotobade, ata as máis altas institucións da cultura do seu país, Galicia. No transcorrer do seu longo e convulso periplo vital participou activamente do quefacer do Seminario de Estudos Galegos, no do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, no da Real Academia Galega e o Consello da Cultura Galega, e, obviamente, no do seu benquerido Museo do Pobo Galego.

Aquel neno criado entre dúbidas e escaseza de oportunidades, aínda que sempre con agarimos, soubo trazar unha excelente ruta biográfica na que destacou, a pesar das pexas, sempre con humildade e discreción, como un curioso e metódico investigador que gastou practicamente toda a súa vida entre a docencia e o rescate e a divulgación das esencias daquel mundo no que se criou. Amais, foi un extraordinario promotor de iniciativas de todo tipo e un eficaz xestor dalgúns proxectos fundamentais para a salvagarda do patrimonio material e inmaterial de Galicia.

Probablemente teñan moito que ver nesas angueiras ás que dedicou a vida, ademais do pai e da nai, os anos de aprendizaxe compartidos con Mamá Antonia, aquela muller analfabeta pero douta, acollida na casa patrucial, co mestre don Antonio, que foi quen de lle abrir os ollos ao coñecemento da contorna, e incluso con Rosiña, a moza de bo porte que tiña consulta de meiga en Mirón (Ponte Caldelas) e coa que bailou un agarrado cando mozo.

Nas súas publicacións hai constantes referencias aos días e aos traballos, ás xentes e aos oficios, ás crenzas e aos ritos, ás festas e feiras. A todo prestaba atención e de todo fixo xenerosa divulgación coa ansia de quen non quere para si nada do que sabe que é saber común. Fraguas foi un cronista fidedigno dunha cultura que tamén lle tocou ver esmorecer baixo a presión dos novos tempos.

FRAGUAS E A MITOLOXÍA POPULAR

Para don Antonio Fraguas os seres “que tienen realidade dentro de la fantasía de las gentes” son produto do misterio que rodea as sombras da noite. A inmensa maioría son almas do outro mundo, ánimas que penan as súas supostas culpas entre os vivos coa esperanza dunha oración ou dun alivio. Outros son seres que andan nos camiños para distraer con mil e unha astucias aos camiñantes, e queda

un terceiro grupo, aínda que Fraguas non os trate como seres máxicos senón sagrados, conformado por santos, santas, virxes e outras figuras da relixión oficial.

Distingue don Antonio, polo tanto, tres grandes categorías de seres míticos ou criaturas sobrenaturais. Unha inzada de figuras demoníacas, na que se inclúe o propio Demo Maior xunto a outros demos menores, bruxas, meigas e un longo censo de seres herdados do mundo chamado pagán xunto cos enredantes que incomodan aos humanos con falcatruadas e bromas. Unha segunda caste ou categoría, composta por un exército de seres e manifestacións fantasmais relacionadas coa morte, e unha terceira, da que apenas imos falar, que trata de santos, santas e outros personaxes, xunto aos lugares onde se lles rende culto, que conforman o imaxinario popular de orixe sacra.

Aínda que as referencias a estes seres da mitoloxía popular galega aparecen en numerosos artigos e publicacións da súa autoría mesturados con outros temas, imos centrar a nosa atención naqueles textos que tratan preferentemente sobre estes mitos populares arredor da vida e da morte, das augas e dos aires, de astroloxía e meteoroloxía popular, mesmo de animais como o lobo e as serpes, bestas singularizadas no sistema mítico popular galego.

Non debemos esquecer as súas recolleitas da cultura oral de carácter mitolóxico nas que aparecen seres como as mouras e os encantos, referencias a tesouros asociados a xacementos arqueolóxicos ou personaxes relacionados con algunhas festas do ciclo anual como as representacións da Coca, San Xoán, Nadal e Entroido.

Don Antonio céntrase especialmente no campo que os investigadores do SEG denominan *cultura espiritual*, é dicir, o universo das crenzas, festas e literatura oral, sendo mínimas ou indirectas as súas achegas a cuestións como a sociedade e a tecnoloxía tradicional. (González 2006: 103).

Unha boa parte dos textos foron recuperados e actualizados polo mestre Fraguas para elaborar as moitas entradas que preparou para a *Gran Enciclopedia Gallega* ou para ensaios como *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*, un libro con intención divulgativa que gozou de enorme éxito comercial, tanto na primeira edición de 1973 como nas sucesivas reimpresións a cargo de Edicións do Castro (Fraguas 1973, 1990).

Nas seguintes páxinas comentamos superficialmente algunhas das contribucións do mestre a un mellor coñecemento da nosa mitoloxía popular.

MITOLOXÍA SOBRE A VIDA

Manter a vida desde o nacemento ata que se suspende coa chegada da morte xerou numerosos rituais apotropaicos¹, xeralmente sustentados en crenzas moi antigas, nuns casos aceptadas ou acomodadas á ortodoxia da igrexa e noutros combatidas con variable éxito.

Segundo se nos conta (Fraguas 1990: 21-22) a orixe dos humanos, consonte a tradición cristiá, está no Paraíso, cando Deus fabricou de arxila un home e logo creou, da súa costela, unha muller. A nota curiosa que confirmaría a crenza consiste en observar os homes cando se lavan pois sempre deixan a auga emporcada.

A necesidade de perpetuar a especie pode estragarse coa esterilidade, por iso quen ten ese problema acode a determinadas “camas” de pedra ou, sobre todo, a tomar os nove baños de mar na praia da Lanzada ou noutras localizacións costeiras, case todos lugares xa cristianizados desde antigo mediante a erección dun santuario.

Para que a criatura non se malogre practícase o bautismo prenatal, que consiste en que a muller embarazada acuda a unha ponte ás doce da noite e alí solicite da primeira persoa que pasa que lle faga de padriño botando auga collida no río por enriba da barriga, imitando o rito do bautizo cristián.

Abonda o mestre nas diferentes notas sobre este asunto, con referencias ás distintas prácticas para que a criatura se logre ou non naza con defectos, así como na descrición das precaucións que hai que tomar cando se produce o parto.

Citando a Pérez Constanti, comenta Fraguas como se prohibiu, por parte do Concello de Santiago, o costume chamado toque de parto, argumentando que, se ben se facía para pedir oracións e pregarías á veciñanza en auxilio da parturiente,

Esta costumbre [...] produce en el ánimo de otras que se hallan en igual lance o a él próximas un cierto terror que, abatiendo su ánimo, tal vez hace difícil lo que suyo era sencillo o acarrea complicaciones de funestas consecuencias. (Fraguas 1973: 23-24).

Xunto a outros moitos ritos para protexer o neonato das malas fadas² no momento do parto, destaca a información que nos ofrece sobre unha figura capital nese momento inicial da vida. Trátase do estreleiro, persoa entendida en estrelas que aconsellaba o momento exacto en que debía nacer o neno, instante que tiña que coincidir co paso dunha boa estrela sobre a casa da parturiente. Considérase

1 Rito, sacrificio ou fórmula de carácter máxico que se emprega para afastar o mal e propiciar o ben.

2 Entendido aquí por A. Fraguas como ser mítico con poderes extraordinarios, capaz de facer o ben ou o mal.

que a estrela, boa ou mala, coa que nace unha persoa marca toda a súa vida (Fraguas 1975).

Tamén comenta unha práctica completamente esquecida, a chamada covada, que consiste en que, unha vez consumado o nacemento, o home métese na cama e laia como se tivese el as dores do parto. Aclara Fraguas, e esta interpretación é interesante, que isto se explica porque así o home atrae para el os malos espíritos e evita que prexudiquen a nai ou a criatura.

MITOLOXÍA SOBRE A MORTE

Sobre o culto aos mortos fornécenos don Antonio Fraguas de moitos relatos e dunha serie de interesantes consideracións sobre as nosas crenzas arredor da morte e sobre o destino póstumo das ánimas.

Nun artigo sobre o culto ás animas en Loureiro de Cotobade (Fraguas 1987) describe a preparación para a morte, a cerimonia do enterro e os sucesivos intentos da xerarquía eclesiástica por corrixir costumes que consideraban irrespectuosas ou irreverentes.

Recrea a opinión estendida entre galegos e galegas de que tras a morte hai outra vida, distinta da terreal e de duración eterna, que pode ser leda ou de sufrimento segundo os merecementos obtidos pola persoa antes morrer (Fraguas 1931a).

Unha disposición habitual nos testamentos era o desexo expresado por parte do moribundo de que se lle ofrecesen misas, pois o máis probable é que acabase condenado a pasar unha temporada no Purgatorio. Esas obrigas non sempre se atendían por parte dos herdeiros, polo que as ánimas residentes no Purgatorio se vían na obriga de idear sistemas de comunicación eficaces para lembrárllelo aos vivos. Xustifícase así a extensa e elaborada listaxe de visións, agoiros, fantasmas ou ánimas que conforman un sistema mítico preciso e coherente relacionado coa morte.

Fraguas é plenamente consciente, desde os seus traballos iniciais sobre o tema, de que este tipo de crenzas se asemella moito ás doutras culturas veciñas e que o tipo de relato condiciona a intención didáctica, quer banal, caso dos contos que tratan a morte mesmo con humor, quer transcendente. Aínda que os datos e relatos que achega son preferentemente obtidos en Cotobade, non difiren no substancial dos recompilados noutros lugares de Galicia.

Son de moito interese as casuísticas que achega sobre as maneiras de presentárense ou de dárense a coñecer as ánimas entre os vivos, como a de daren golpes en distintas partes da casa (portas, tellados, ventás...), laiar ou berrar polos camiños, arrastrar cadeas, simular luciñas etc. Comenta a opinión xeneralizada de que os espectros tamén visitan as casas onde moraron en vida, sobre todo nas noites de Nadal e na do día de Defuntos. Por iso é recomendable deixar esas noites un bo lume aceso para que se quenten, e non varrer a cociña, non sexa que

as varramos tamén a elas. O lume da Noiteboa considérase sagrado e non se pode deixar morrer (Fraguas 1953).

O da necesidade de quentárense as almas considera Fraguas que ten relación coa crenza na existencia dun inferno frío, semellante á que atopou Castelao na Bretaña.

Unha das figuras que escollen as ánimas para facerse ver é a de paxaro, preferentemente de corvo:

Un home ollou un paxaro desta crás que a cotío berraba nas ponlas dun piñeiro perto da súa casa; un día canso de tanto ouvir, zorregoulle un tiro e caíeu o paxaro ó chan zapateándose. Durante tres días con tres noites estivo o corvo laiándose e trasteando o corpo. Aquelo non parecía cousa boa i-o home foise confesar, traguendo encargo do cura de ir arrequerirle por si sería cousa do outro mundo. Foi e resultou ser unha alma que viña ó mundo penar algúns pecados. (Fraguas 1931a: 44).

Tamén se poden presentar en figura de sapo ou de réptil, como as ánimas que fan o camiño a santo André de Teixido, pois así quedou mandado por Deus cando lle ordenou ao santo: “Quédate aí, Senandrés, que de mortos ou de vivos, todos te viremos ver”.

O dito non revela detalles sobre esa querenza por reptar que parece que teñen as ánimas que fan a peregrinación que non fixeron en vida, pero así é segundo consta en numerosos testemuños.

As ánimas cando se presentan aos vivos case sempre pregan que se lles axude a resolver algunha promesa que o morto ou morta fixera en vida e non quixo ou non puido cumprir. Cando nos atopamos cunha ánima hai que saber como actuar e se a vemos intranquila, hai que calmala e “arrequerila” dicíndolle:

– En nome de Dios, de San Pedro e San Pablo se es alma do outro mundo fala e di o que pides!

E tamén hai ocasións nas que debe ser o vivo quen acuda á sepultura para resolver unha dúbida. Conta don Antonio o caso do mozo que cando marchou ao servizo militar lle deixou á moza en custodia uns aforros. Cando regresou da milicia, a moza xa estaba morta e enterrada. Entón, o mozo sentiu que unha sombra andaba con el dun lado para o outro. Foillo contar ao crego (os cregos son os mellores avogados para resolver estes asuntos) e este preguntoulle se lle morrera alguén querido e se tiña obrigas con el.

Entón acordouse dos cartos e díxollo, e o crego recomendoulle ir ao día seguinte ás doce da noite ao camposanto onde estaba a moza soterrada e chamar tres veces por ela. Así o fixo e á terceira chamada a moza respondeu e díxolle onde agochara os cartos que lle deixara. Xa non volveu ver aquela sombra endexamais.

As ánimas, como se acaba de comprobar, falan e responden as preguntas que lles fagamos pero tamén, de incomodarse, se alporizan e poden mallar nun vivo sen contemplacións.

As contribucións de don Antonio ao imaxinario da morte son moi rigorosas e resultaron transcendentais para moitos investigadores posteriores mais, dado que é imposible reproducir aquí toda a casuística que nos achega, ofrecemos a seguir unha mostra das figuras descritas por Fraguas que poden tomar as ánimas.

O GUAPO DAS MEDIAS BRANCAS

É o nome que tiña de vivo o morto. Un que foi ao camposanto onde estaba soterrado chamou por el tres veces:

- Guapo de las medias blancas?
- E á terceira chamada, a ánima respondeu:
- Agoarda que las estoy poniendo!

E sen saber de onde lle viñan os paus, o ousado levou unha malleira considerable.

A COMPAÑÍA

A descrición que nos ofrece Fraguas sobre a Compañía é fantástica (1990: 54-64) e adornada de infinidade de testemuños.

Tamén chamada Santa Compañía ou Estadea, é unha procesión de ánimas que saen de ronda nocturna. A Compañía conta sempre cun coxo e cinco figuras indispensables: o que porta a cruz, o que leva o estandarte, o que leva o caldeiro de auga bendita, o do farol e o da campáña. A estes séguenlles outros en número variable formando un cortexo fúnebre e interpreta Fraguas que poden ser espíritos de vivos que deixan o corpo na cama. Sábese quen vai morrer porque se ve a súa figura tras o cortexo, portando unha vela máis cativa que as do resto. Este en principio sentenciado pode librarse da morte por un tempo se alguén que o ve o avisa.

As candeas que portan os da procesión non son de cera, senón ósos de defunto e non hai vento que as apague. Hai maneiras de protexerse da Compañía. Unha, ter as mans cerradas cando nos cruzamos con ela. Outra, facer un circo no chan e meterse dentro. Outra máis, botar ao camiño por onde pasa un can cun farol e

unha campaña ao pescozo. A partir dese momento é o can o que pasa a formar parte da Compañía, e ademais serve de avisador, por iso lle poñen a choca.

Outra información interesante é a do convite funerario. Conta Fraguas como os da Compañía poñen unha mesa con moitos manxares e convidan a comer aos que pasan. Se o camiñante acepta comer canda eles, queda para sempre entre eles. A mellor maneira de librarse é rexeitar o convite, aínda que se aconsella comer, por iso é conveniente levar sempre algo comestible no peto.

RAPOSA DE MORRAZO (DA MORRAZA OU DE MORILLAS)

Ánima que anda penando. Ten figura de raposa común que anda ou voa e percorre grandes distancias, xeralmente de noite, que berra e oulea e bota bafaradas de lume pola boca. Para acalmala dinlle “Deus te leve a porto salvo!”.

Fraguas, que cita a visión desta figura en varios dos seus traballos, deduce que é unha ánima que anda penando porque as ánimas dos condenados ao inferno tamén botan lume pola boca cando falan. Sería, pois, a representación da ánima dun individuo malvado, condenado a penar con moito padecemento. Ilustra esta opinión co relato da visión da ánima dun suicida que tamén bota lume pola boca cando fala (Fraguas 1931a). Considera esta crenza de orixe mariñeira.

URCO

Deste “feroz animal”, tamén chamado “can do inferno” ou “can de ultratumba”, escribe Fraguas nun artigo publicado n’*O Correo Galego* o 25 de febreiro de 1996 (2006: 241-244) a propósito dos entroidos de antano. Descríbeo como un can xigante que non ladra nin rastrea, que arrastra cadeas, de ouveo longo, con laios, e que pasaba todas as noites por diante do muíño da Portapresa ás doce en punto. Este personaxe recuperouno Andrés Muruais para o Entroido de Pontevedra en 1876.

A OPERACIÓN DE RACHAR O HÁBITO

Fraguas describe a operación de “rachar o hábito” que solicitan os fantasmas dos que foron malvados en vida e que, como consecuencia, foron condenados ao inferno. Resulta que non poden entrar nel por teren sido amortallados cun hábito ou cousa bendicida.

Estas ánimas, ao non poder entrar no inferno vestidas desa guisa, teñen que regresar ao mundo dos vivos, aos que se lles aparecen en encrucilladas e camiños polas noites para solicitarlles que lles rachen o hábito.

Para ilustrar esta crenza transcribe un poema de Francisco Añón, que describe esta operación e tamén un caso concreto con todos os detalles de prevención que

debe tomar o vivo, como proverse de amuletos relixiosos e dunha fouce para realizar a operación (Fraguas 1931b).

Para non afundirse co fantasma por un burato de lume que se abre na terra, co conseguente olor a xofre, quen realiza a operación de rachar o hábito do condenado debe facelo de abaixo a arriba.

É moi interesante tamén a reflexión de Fraguas sobre o momento en que a alma se separa do corpo. Pregúntase se o fai antes ou despois da morte ou se o abandona momentaneamente para escoitar a sentenza sobre o destino que lle toca e volve ao corpo. As preguntas quedan sen resposta, pero deron e dan para pensar.

AS ÁNIMAS QUE COIDAN OS VIVOS

Sobre se as ánimas volven convivir cos vivos, incluso botar unha man cando é necesario, conta un sucedido que fala dun pai viúvo con varios fillos.

O pai marcha de mañá cedo aos campos para adiantar labores, mentres aos fillos non lles chega a hora de erguerse. Cando regresa á casa para lavalos, peitealos e darlles o almorzo, ve que xa están vestidos e aseados.

Pregúntalles entón aos fillos por quen os atendeu e dinlle que foi a súa nai. O pai non o pode crer e axexa para comprobalo. E cando ve cos seus propios ollos que, efectivamente, é a defunta da súa muller quen os prepara, fálalle para darlle as grazas pero ela dille que xa que a viu, non pode volver atendelos e desaparece para sempre.

Ademais, trátase dun caso pouco común de visión dunha ánima a pleno día, cando as ánimas adoitan dicirlles aos vivos cos que se atopan: “Anda de día que la noche es mía” .

MITOLOXÍA SOBRE O MUNDO DO DEMO

O Demo, como xa se dixo, é o outro deus, o adversario necesario para que os mundos do ben e do mal se sustenten e xustifiquen.

BRUXAS E MEIGAS

Nos traballos de Fraguas aparece indistintamente a denominación bruxa ou meiga, incluso a de feiticeira, como sinónimos ou nomes ambivalentes para un mesmo ser, a muller que serve e executa os rituais en honra do Demo Maior. Son mulleres asociadas sempre ao lado escuro, ao do Demo, que teñen grandes coñecementos de maxia e doutras artes pero que entran en competencia directa e radical coa ortodoxia cristiá.

En *La Galicia insólita* (1990: 69-90) temos detallada unha ampla casuística sobre estas mulleres, desde as maneiras nas que adquiren a condición de bruxas,

as múltiples fórmulas para descubrilas e desactivalas e incluso comentarios sobre o seu aspecto físico característico. Vénselles nos ollos patas de sapo e as cellas pintadas de amarelo azafrán. Viaxan polo aire alumando en tres ringleiras (1931b: 222).

Como é sabido, as mulleres acusadas de seren bruxas ou meigas foron sometidas a xuízos sumarísimos a cargo da chamada Santa Inquisición, asunto este que desenvolve con amplitude Fraguas na devandita publicación. A Santa Inquisición, institución creada pola igrexa católica para combater as herexías, serviu tamén para perseguir todo tipo de persoas, desde homosexuais ata mulleres acusadas de bruxas, delito descrito nunha bula papal de finais do século XV.

Como consecuencia dese método cruel de represión, moitas mulleres foron torturadas, desposuídas das súas propiedades, condenadas a prisión, desterradas ou queimadas na praza pública baixo a acusación de teren pauto co Demo.

Grazas precisamente a eses documentos que transcriben os interrogatorios ás mulleres sospeitosas de seren bruxas ou meigas, popularizouse unha extensa e detallada casuística que favoreceu a difusión da crenza na existencia de bruxas en todos os recunchos do país. Aínda hoxe se dá creto á posibilidade de existiren mulleres con esas características.

MITOLOXÍA SOBRE AS AUGAS

Sobre a importancia da auga como elemento simbólico e máxico, vital para o ser humano, escribiu Fraguas en numerosas ocasións. De todas as augas, sexan as nadas nas fontes, as dos ríos e do mar, a das lagoas ou a da chuvia.

Na introdución ao texto “As lëndas da Fonte Pormás” publicado no nº 108 de *Nós, Boletín Mensual da Cultura Galega*, en 1931, fai unha extensa reflexión sobre a posible orixe das lendas relacionadas coas fontes, sobre o seu vencello con seres do sobrenatural, sexan estes santos, mouras, mouros ou “fadas”, e tamén sobre os seus usos para esconxurar, purificar e bendicir casas e terras. Repara na relación constante entre nacentes de auga e a existencia de haberes ou tesouros, o “anceio máis vivo que latexa na fantasía popular diante o ouro fabuloso das lendas milenarias” (Fraguas 1992b: 33).

Nun extenso artigo (1996) dedicado ás crenzas arredor da auga, achega datos tan sorprendentes como que a auga de noite dorme, e quen queira beber de noite antes debe remexela ben para espertala.

E outra precaución:

Na miña infancia cando se ía beber e se tiña unha luz acesa na man –candil, farol ou unha vela–, alguén debía termar dela mentres se bebía dun tanguerolo de auga porque non é bo beber cunha luz na man (Fraguas 1996: 13).

Tamén hai que ter coidado cando se bebe polo día. Para que non faga mal a auga se está fría “méteselle un tizón ardendo sen deterse para que non colla o sabor á madeira”.

As lagoas e tamén algunhas pozas gardan no interior cidades e vilas asolagadas, normalmente afundidas porque foron maldicidas por algún ser sobrenatural.

A mitoloxía arredor das fontes é vizosa. Moitas veces, o manancial ten a orixe nun milagre obrado pola Virxe ou por Santiago Apóstolo, outras predín o casamento ou axudan a recuperar a saúde. As fontes son o oráculo das xentes máis devotas do país.

AS LENDAS DA FONTE PORMÁS

Abondarían estes tres relatos lendarios para elaborar un opúsculo sobre os ritos de encantamento e desencantamento, así como das crenzas sobre a existencia de tesouros nalgunhas fontes, como é o caso desta Fonte Pormás que se atopa na parroquia de Castañeda no concello de Arzúa. O informante de don Antonio, Manuel Cardelle Conde, coñecía perfectamente o lendario da fonte e o dos arredores, e forneceuno dunha información sobre seres e ritos que hoxe é practicamente imposible de conseguir (Fraguas 1932).

Son tres lendas, a cal máis interesante. A primeira fala do intento dun vello e un rapaz por conseguir o tesouro agochado na fonte. Levaban o libro de San Cipriano e comezaron a ler. Cando xa andaban pola metade da lectura aparecéuselles un xigante vestido de militar e cunha enorme espada coa que fendeu un gran penedo pola metade. O rapaz viu como se abría un burato na pena e como aló dentro había unha morea de santos de ouro. O rapaz non tivo medo e botoulle a man a un, xusto no momento en que se pechaba o burato. Aínda así turrou canto puido e quedou cun brazo dun dos santos que venderon a un reloxeiro de Santiago por moitos cartos.

A segunda conta como un mozo de por alí viu chegar cabo da fonte un fidalgo da veciñanza na compañía da súa filla e de varios criados que levaban un adival e varios sacos ao lombo. Ao chegar, o fidalgo despediu os criados mentres a filla choraba pois sabía o que lle ía pasar.

O pai comezou a ler nun libro, cuxa lectura provocou que a filla entrase sen resistencia polo ollo da fonte. A seguir entraron os sacos e pouco despois o adival, que xa se transformara en serpe. E dixo o pai: “El que te desencantare, nove veces detrás del cachazo te ha de besare!”.

O fidalgo foise e o rapaz atreveuse a probar fortuna. Cando se achegou á fonte presentóuselle a rapaza para dicirlle: “Se non tes valor, non me desencantes!”.

Pero o rapaz tivo valor, agardou a que saíse a serpe e deulle os tres bicos “detrás del cachazo” A serpe volveu entrar na fonte, e así sucedeu outras dúas veces ata

que á terceira a serpe se converteu en adival. E despois, precedido dun estrondo enorme, saíu a moza cos sacos cheos de ouro. Seica casaron polo rito católico e apostólico.

A terceira lenda conta un caso arquetípico de desencantamento. Unha muller castelá encantara na fonte tres fillas. E cando xa lle chegaba a vellez, parece que arrepenida, comentou o caso cun mozo de Arzúa que andaba por alá, deulle tres bolos de pan e díxolle que os fose pousar á fonte, que non llo dixese a ninguén, e que, cando os pousase, dixese: “Oureña, Oureana; Toma este boliño que che manda túa ama!”. A cambio recibiría un gran tesouro.

Mais a cousa fracasou. O mozo, aínda que non dixo nada na casa, foi sometido a espionaxe pola muller, que nun descoido encetou un dos bolos. De maneira que cando foi á fonte, pousou os bolos e dixo o que tiña que dicir, primeiro saíu unha moza da fonte, e despois outra pero a terceira non puido saír (era a do bolo encetado) e díxolle desde dentro da fonte: “Por culpa da túa muller a min dobróuseme o encanto. Toma este xustillo e ponllo á túa dona!”.

Mais o rapaz, que non era torpe de todo, antes de chegar á casa pousou o xustillo sobre un castiñeiro para ver como era de bonito, momento no que a peza estoupou nunha enorme lapaçada. Seica quedou de mostra por moito tempo o tronco chamuscado da árbore.

Dinos don Antonio que a moza cumpriu o encantamento ata que un serán de moito trono saíu da fonte pero en figura de fusil, imaxe que viron moitos veciños do lugar, por iso se sabe que foi así e non doutra maneira.

MITOLOXÍA SOBRE O LUME

É considerado un ser vivo, que vive e morre. Para que non faga dano invócase a san Bartolomeu Infante.

Non se lle pode cuspir endexamais, e moito menos ao lume do magosto e ao que se fai nas casas en Noiteboa, pois neses lumes quéntanse as ánimas.

No lume quéimase todo o sagrado que non se debe tirar: a auga coa que se limpa o crego tras administrar o Viático ou os algodóns dos Santos Óleos. Tamén se botan ao lume os primeiros dentes dos nenos cando lles caen para que non os coman as galiñas, pois se os comesen, o dente que vén despois nacería torto (Fraguas 1953: 402).

MITOLOXÍA SOBRE OS ASTROS E OS METEOROS

Son moitos os datos que nos achega don Antonio Fraguas sobre a influencia dos astros nas xentes ou nos fenómenos atmosféricos que tanto condicionan a vida dos seres vivos (Fraguas 1975). Fixémonos só brevemente na lúa, nas estrelas e

nalgúns fenómenos atmosféricos causados polos astros, cuxa influencia se considera determinante na vida dos humanos. Pero antes, deixamos aquí un apuntamento curioso, non mítico senón práctico, para diferenciar con exactitude o día da noite:

Pra distinguir día e noite nos muíños pra botar a tempo ou para tornar a agua onde a parcelación é día ou noite, facíase con dous fíos branco e negro: o día diferenciaba os cores e a noite facíaos iguais (Fraguas 1975: 262).

LÚA

Á lúa e á súa relación directa ou indirecta con case todo o quefacer do ser humano dedícalle don Antonio varias páxinas (1975: 259-261). A lúa, segundo as fases que a xente sabe ler e interpretar, o que se reflicte moi ben no refrancero popular, rexe o tempo e as colleitas e inflúe no nacemento e pasamento das persoas.

A lúa pode ser unha muller casada co sol, pero tamén se nos di, curiosa achega de don Antonio, que pode ser un home casado con dúas mulleres; unha manteno para que engorde, a outra maltrátao para que adelgace.

A luz da lúa é mala; pon amarelas as persoas e a algunhas plantas failles coller a mera (enfermidade parasitaria causada por fungos) e agrelar fóra da sazón. Tamén son perigosas as eclipses de lúa: “Non venta boa cousa”.

E tamén provoca desconfianza o chamado “luar pardo”, que é o reflexo da lúa nos camiños cando se vai pondo. A crenza da influencia negativa da lúa sobre certos comportamentos ou trastornos que afectan a algúns humanos exprésase ben claramente na denominación que se lles dá; lunáticos ou aluados.

ESTRELAS

Hai moitas crenzas arredor das estrelas, sobre todo das principais. O luceiro vese ao amencer e ao anoitecer. Ao da tarde tamén se lle chama Estrela da Fartura.

As estrelas con rabo, os cometas, cando aparecen sempre se cre que anuncian desgrazas de todo tipo, incluída a inminente fin do mundo. As estrelas fugaces, tamén chamadas Carreiras de San Lourenzo en Cotobade, considéranse almas do outro mundo que viaxan camiño do Ceo.

E as estrelas da constelación Vía Láctea, que comunmente se denominan Camiño de Santiago, en Cotobade e no sur de Galicia reciben o nome de Camiño de Santo André. Dise que o camiño de estrelas a Santo André remata sobre a capela do santo, en Teixido, e que ten a misión de alumar as ánimas que peregrinan alí.

ARCO DA VELLA

“Amparador de chuvias e pasos do vento é o Arco da vella” (Fraguas 1975: 258). O Arco da Vella é misterioso, por debaixo del pasan os ventos e por el soben as augas ata as nubes, augas que bebe polos extremos nos regos ou nos ríos para que despois chova.

Unha copla que alude ao Arco da Vella como raptor de nenas avisa dos seus perigos, por iso se lle di: “Arco da Vella vaite de aí, que as nenas bonitas non son para ti”.

NUBEIROS E NUBEIRAS

Dos nubeiros e nubeiras, escoleres ou tronadores, os seres capaces de subir ata as nubes e organizar as temidas tormentas, achega datos determinantes para describir este ser mítico (Fraguas 1969).

Das informacións que lle facilitan en Palas de Rei parece quedar confirmado que os nubeiros son humanos que teñen poderes máxicos para causar dano cos torbóns e coa sarabia das treboadas. O que non queda claro é se o fan voluntaria ou involuntariamente, e se chegan a selo por maldición ou por fado. Só os poden derrotar tres cregos que saiban esconxurar, que deben estar colocados en cadansúa porta da igrexa parroquial. O nubeiro vese obrigado a descender da nube en coiros e co poder completamente anulado. Conta Fraguas o caso dun nubeiro que baixou en figura de asno e tivo que andar diante da procesión durante un tempo ata que recuperou a figura humana.

En caso de non haber máis ca un cura disposto a esconxurar, o nubeiro non cae senón que marcha e descarga a súa torboada nun monte calvo ou ermo.

Tamén son moi eficaces contra o trono algunhas campás que se tocan antes de que comece a tormenta, mentres se di: “Tente trono, tente en ti, que Dios manda máis ca ti”.

A técnica que os nubeiros usan para ascender ata as nubes, recollida do mesmo informante, consiste en facer un montón de po nun camiño, mexar nel e poñerse enriba do remuíño que se forma para levitar.

Pero non sempre son masculinos os nubeiros, tamén hai nubeiras que provocan tronos femias, “os que meten o cu no mar”, que son máis chuviosos que os masculinos. Dise incluso que hai matrimonios de nubeiro con nubeira aínda que, ao parecer, nunca actúan en comandita.

MITOLOXÍA SOBRE ALGÚNS ANIMAIS

LOBO

O refrán “Quen ve o raposo enrouquece e quen ve o lobo enmudece”, recollido por Fraguas en Cotobade, xa é indicativo da influencia máxica do lobo nas persoas. Como o é a crenza xeral que di que o lobo acompaña de noite as persoas e que só se evita que tal cousa suceda arrastrando unha corda ou acendendo uns mistos.

Menciona dúas figuras míticas relacionadas co lobo: a pieira e o lobishome.

A pieira é unha muller que se ve obrigada a andar canda os lobos por culpa dunha maldición, por ser a sétima filla dun matrimonio sen fillo varón interposto. Dedicase a gardar e a gobernar os lobos e pide esmola para darlles de comer. Anda cunha vara de ferro e coa roupa esbandallada, a causa das poutadas que lle dan as feras cando teñen fame.

Dáanos noticia do lugar por onde andou a última pieira das terras de Cotobade, que pedía polos lugares dicindo: “Non me dan unha limosniña para os meus bichiños?”.

Do lobishome, que pode ser home ou muller, escribe na *Gran Enciclopedia Gallega* (1974) cun coñecemento preciso do mito. O nacemento por fada, ser sétimo ou noveno fillo do mesmo sexo, ou por maldición paterna, o ritual nocturno de transformación de humano en animal e a duración da fada. A súa capacidade hipnótica ou de provocar fascinación nas persoas. Dedicou un amplo espazo a comentar o caso de Manuel Blanco Romasanta, acusado de matar a varias persoas, asasino que nos momentos de trazo dicía andar convertido en lobo.

SERPE

De extraordinarias podemos cualificar as achegas de Fraguas arredor das serpes (1992: 87-97). Chama a atención a descrición de como foxen, enroscadas, mordendo o rabo e formando unha roda como de bicicleta, que describe por tela visto cando neno. As serpes, antes de cazalas, hipnotizan as súas vítimas coa mirada e poden matar co alento. E cando se meten na auga, deixan o veneno pousado nunha pedra, que semella un cuspe que logo recuperan.

Hai serpes que saben asubiar e algunhas teñen crista. De serpes xigantes tratan as lendas sobre as covas onde aniñan estes réptiles xigantes, capaces de papar ovelhas e crías do gando maior. Estas serpes xigantes, como a da Cova da Serpe (Friol), sempre acaban derrotadas por intrépidos heroes.

Algunhas variantes das serpes son o basilisco e o dragón. O basilisco é unha serpe que nace do ovo que pon un galo cando vai vello; mata coa vista e a moita distancia.

Ás serpes xigantes e vellas tamén se lles chama dragóns. Parece que teñen unha cuncha na cabeza, asubían con moita potencia e viaxan cara a Babilonia pois hai quen lles escoitou dicir mentres voaban: “Pra Babilonia vou, malia quen me veu, que non me matou”.

E xa que tratamos de animais, aproveitamos para lembrar que Fraguas conta da existencia do lagarto de tres colas, un réptil raro e escaso, extinguido xa seguramente, pois foi moi buscado porque axudaba a coñecer de antemán o número que ía tocar na lotaría. Metían o lagarto nunha caixa cubrindo o fondo con fariña de centeo, e despois duns días quen soubese ler os signos que escribira o lagarto cos seus tres rabos podía descifrar o número exacto que ía coincidir co premio gordo da lotaría. Para este propósito, ou iso dá a entender don Antonio (1992: 95), tamén nos serviría atopar unha lagarta; iso si, con tres rabos.

Merecería moito a pena deterse a comentar as interesantes achegas sobre as capacidades máxicas e augurais doutros animais como galiñas, galos, raposos, carrizos, cucos, pegas, gatos, andoriñas ou moscas, pero imos rematar este apartado lembrando a lenda que nos conta como morreu o cabalo de Almanzor. E foi que cando Almanzor arrasou o antigo mosteiro de San Pedro de Fóra, en Compostela, de oufano que estaba puxo a beber o cabalo na pía de auga bendita, unha ousadía que pagou vendo como o animal morría instantaneamente diante dos seus fociños (2006: 119).

OUTROS ENREDANTES

OS BIOSBARDOS

Os *viosbardos*³ (tamén son coñecidos como alpbardas, gazafellos, cocerellos, panchos e outros nomes) son seres especializados en transfigurarse. Entre as figuras que escollen para presentarse poden simular ser mozos con boa presenza e tamén paxaros; neste caso, quen os consiga engaiolar atraerá a sorte á súa casa. Tamén é certo que a quen ande aloulado por mor de amores se lle di que “anda aos biosbardos”.

Os biosbardos aseguran beneficios para quen os posúe, por iso hai moita xente que fai o que sexa para facerse con un. Para conseguilo debe ir de noite a un camiño estreito e afastado de lugares habitados, onde non se escoite galo cantar nin home falar.

A técnica de caza consiste en levar un saco grande, termar ben del coa boca (do saco) aberta e dicir:

3 Segundo o dicionario da RAG ‘biosbarido’.

– Biosbardo vente ao saco que alpabarda por ti agarda!

Como case todo o mundo sabe, agás quen non experimentou estas cazarías, trátase dunha burla que se lles gasta a persoas de poucas luces.

OS DEMIÑOS

Non describe estes seres. Di que se cazan como os biosbardos e que lle dan moito poder a quen os ten, que os debe gardar en bolsas como se gardan os furóns ou outros animais dese tamaño.

O ZÁNGANO

Parece que ten figura de mozo moi “paripuesto” e que enreda as mozas cando andan traballando nos campos. Aparece e desaparece sen que se saiba por onde nin cando. Apunta don Antonio que o dano que pode causar nas mulleres é de imprevisibles consecuencias e que por iso anda na boca da xente unha copla que lle pide á morte que axude a desfacerse del:

Morte que andas polo mundo
vinde buscar o zángano;
se habes de vir, vindelo logo,
antes que faga máis dano.

O ZARRONCO

Aínda que o cita no artigo dedicado ao culto aos mortos (1931a), noutro lugar (1969) refírese a este ser como un coco que asusta os nenos e as nenas. É unha especie de fantasma que anda de noite e que pode aparecerse en figura dun insecto grande ou de home moi feo que anda cun saco ás costas. Non fala, pero brúa e ronca polo mal xenio que ten. Asusta pero non fai dano.

PEDRO CHOSCO

Ser que imita a figura de home con barba branca, con querenza por aparecerse ás crianzas, ás que trata con moito agarimo. Pero tamén se presenta nas casas onde hai rapazas de servizo, ás que entretén co seu falar doce e gracioso ata que consegue adormecelas.

NEGRUMANTES

Son demos feiticeiros con figura humana e de aspecto desagradable, ás veces presentan deformidades. Causan sempre dano e incluso a morte das persoas.

TRASNO

É un demo traveso que enreda e se transmuta de mil maneiras. Pode meterse dentro nas casas, onde é bo remedio para desfacerse del deixando unha cunca de millo miúdo que derramará de contado. Váiselle a noite contando “un, dous”, non sabe contar máis, e volta a empezar; e como está entretido esa noite non fai trasnadas.

Cando aparece nos camiños adoita facelo en figura de año e sempre se lles aparece a mozas que van para o muíño ou para o baile. Tenas entretidas ata o amencer e ás veces estoupa e desaparece dicindo “Jujurujú, as nenas do muíño quentáronme o cu”.

Comenta don Antonio que unha vez entrou o trasno na corte da súa casa en figura de cordeiro branco, e que cando o viron os outros animais comezaron a golpear o chan coas patas. Ao día seguinte, ao abrir a porta da corte, o trasno fuxiu a todo correr polo medio dos campos (1990: 98-99).

FADAS

Deixamos estes seres femininos para o final pois cremos que neste caso concreto don Antonio confundiu o que na tradición galega é o fado (destino, fortuna, sino), termo do que derivan expresións como “ter a fada”, “estar fadado”, “ter boa ou mala fada”, coas *hadass*, *fées* ou *fairys* doutras tradicións culturais. No texto no que describe estes personaxes da nosa mitoloxía popular (Fraguas 1969), amais das dúbidas que el mesmo expresa pola súa semellanza coas mouras (as mouras fiadoras que tecen o destino das persoas), pon exemplos cos que parece evidente que se refire á fortuna que nos acompaña na vida. Por exemplo: “Non duren máis as malas fadas”.

A MODO DE CONCLUSIÓN

Don Antonio Fraguas describe o corpus mitolóxico popular desde unha concepción dualista, propia das relixións monoteístas, que entenden que, fronte a unha divindade creadora e omnipotente, existe necesariamente un lado escuro e malvado. O bo e o malo, o fermoso e o feo, o amor e o odio... e así ata confluír nunha dobre cúpula que coroan as figuras sobranceiras de Deus e o Demo. O papel que lles corresponde ás criaturas mitolóxicas desde esa óptica é o dunha

especie de corte de palacianos do ben ou do mal, que serven a un ou a outro poder e que entrambos conforman o Mundo Sobrenatural. Mais a correlación de forzas entrambos os mundos contrapostos vese alterada por un suceso biolóxico inevitable, a morte, que ocupa o espazo do Inframundo. No centro deses mundos imaxinarios poboados de criaturas con capacidades máxicas, estamos nós, os humanos, que somos os creadores de todas elas e deses espazos cos que tentamos dar cabida e sentido, e algunha posible resposta ás eternas interrogantes: de onde vimos?, que somos? e a onde imos?

A isto contribuíu decisivamente co seu esforzo, co seu saber e curiosidade, bendicido por ese don de seu natural para comunicar con sinxeleza a enorme complexidade dun mundo inmaterial que se expresa simbolicamente e que afecta ao profundo do ser humano. Grazas a estes e a outros moitos traballos arredor de múltiples materias, don Antonio Fraguas contribuíu decisivamente e con grande entusiasmo a afirmar a nosa identidade.

Só nos queda expresar aquí o noso desexo de que, de aquí en diante, se lle engada á enumeración das disciplinas que atendeu con tanta eficacia e maestría, ademais de antropólogo, etnógrafo, etnólogo ou folclorista, a de extraordinario mitólogo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Cajaraville, Héctor (2019): *Antonio Fraguas. O bo mestre, o mestre bo*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Fernández Cerviño, María Xosé (2019): *Antonio Fraguas Fraguas. Estancias vitais dun mestre sabio*. Biblioteca Gallega. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Fraguas Fraguas, Antonio (1931a): “O culto ós mortos”, *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 87, 42-46.
- (1931b): “Do folk-lore de Armeses-Listanco”, *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 96, 221-227.
- (1932): “As lëndas da Fonte Pormás”, *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 108, 218-221.
- (1945): “El lobo en las tierras de Cotovad”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* 15 (3), 129-137.
- (1953): “Notas sobre el fuego en Galicia: la farsa ‘Dulcinea’ o la quema de la Pascua”, *Zephyrus* 4, 401-415.
- (1969): “Algunos seres fantásticos de nuestra tierra”, *Revista de Etnografía* 12 (2, 24), 371-377.

- (1973): *La Galicia insólita. Tradiciones Gallegas*. A Coruña: Librigal.
- (1974): “Lobishome”, en Ramón Otero Pedrayo (dir.), *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago de Compostela: Silverio Cañada, t. 19, 107-108.
- (1975): “Preocupación polo tempo e os astros na creencia popular”, *Boletín Auriense* V, 257-269.
- (1986): “As almas do Purgatorio”, *Encrucillada* 49, 22.
- (1987): “El culto a las ánimas en Loureiro de Cotobade”, *Gallaecia* 9-10, 271-278.
- (1990): *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*. Cadernos do Seminario de Sargadelos 51. Sada: Edicións do Castro.
- (1992a): “O que eu sabía das serpes”, *Boletín Auriense* XXII, 87-97.
- (1992b): *Galicia máxica*. El Correo Gallego. Biblioteca 114; 49. Santiago de Compostela: Editorial Compostela.
- (1996): “A mitoloxía da auga”, en Francisco Díaz-Fierros Viqueira (coord.), *As augas de Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 9-40.
- (2006): *Polas catro témporas. Colaboracións en La Voz de Galicia e O Correo Galego (1992-1999)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición de Xosé López, Rosa Aneiros e Daniel Salgado.
- González Reboredo, Xosé Manuel (2006): “O etnógrafo Antonio Fraguas”, en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre “por e pra Galicia”*. Ofrenda no seu Centenario. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 91-117.
- Villanueva Gesteira, Malores (2019): *Antonio Fraguas. Mestre da memoria*. Vigo: Galaxia.